

Interesante traballo sobre 41 pezas dramáticas do polígrafo ourensán

Aurora Marco: «Ramón Otero Pedrayo foi un renovador do xénero teatral»

ROBERTO LEDO Santiago

Ata agora, o teatro de Otero Pedrayo non se valorou na súa xusta medida. Moitos outros xéneros literarios cultivou este polígrafo. Tiñase a idea prececebida de que o teatro era para el un divertimento ou un xogo, sen a categoría do resto da súa produción literaria. Isto non é así, e a Aurora Marco investigou nas peñas de teatro de Otero, espalladas por publicacións, en revistas e xornais distintos. Aurora recolle 41 pezas e fai un interesante estudo sobre o seu teatro, en conxunto, e conectado co dos seus contemporáneos.

Aurora Marco, profesora de didáctica da literatura, acaba de sacar do prelo un libro, «Teatro ignorado», no que recolle coherente e unha pezas dramáticas do polígrafo ourensán, Otero Pedrayo. Aínda o vivo recoedo de cando coñeceu a Otero está presente na súa memoria: «Foi un día, na clase de Literatura Galega, na actual Facultade de Xeografía e Historia, cando don Ricardo —Carvalho Calero, claro— trouxonos a don Ramón. Entón comprobei o extraordinario orador que era Otero Pedrayo. O seu vasto saber, manifestábase en interesantísimas digresións polas que un facíase a idea da súa cultura».

—Aurora, ¿que interese tiña don Ramón Otero Pedrayo polo xénero dramático?

—Frente ó que se pensa comumente —que o seu teatro era unha improvisación ou algo para se entreter—, eu demostré, no libro, que o seu interese vtiña xa desde a infancia. Temos documentación de como de pequeno, don Ramón, acudía ás estreas que se facían en Ourense, ó lado da súa casa. Tamén en Madrid, onde non perdía unha estrea. O seu interese era enorme.

—¿A quen van dirixidos estes textos dramáticos que recolle?

—Bueno, sei de profesores de institutos, con inquietudes dramáticas, que agardan o libro porque valoran o teatro de Otero. Ademais, no libro metíme un pouco, e con certa prevención, por ser terreo dun director, no estudo de realización teatral. Estas pezas necesitan una desenvolvemento posterior. O mesmo Otero o deita entrever nas acotacións, porque nalgúns destes esbozos non aparece o diálogo de un dos personaxes. Aquí fai falla un director-recreador, que imprima o seu selo persoal sen disvirtuar o contido da obra. Ese papel de director-autor fai máis atractiva a posta en escena destes bocetos de Otero Pedrayo.

Aurora fala rápido, nótase que a didáctica, de uso diario no seu caso, é unha actitude que imprime unha maneira de nos achegar os seus coñecementos. O seu estudo está animado por un respecto, senón devoción, hacia estes egregios personaxes con don Ramón ou o seu mestre a quen, nos confesa, débelle desde o xeito de traballar ata o seus coñecementos, pasando pola querenza a todo o referente o noso patrimonio cultural.

—¿Que transcendencia, Aurora, pode ter este teu quinto libro?

—Pode ser una aportación importante para o coñecemento da obra de Otero Pedrayo. Publico nel 41 textos teatrais que se atopaban espallados por publicacións varias. E dicir, na práctica

son descoñecidos; agora fan aparición recopilados por primeira vez. Textos teatrais que siguen a liña do teatro de máscaras. Moi breves, o xeito de esquema para desenvolver cando a representación. Ademais, destes textos publicados, tres no ano 29 e o resto, entre 1946 e 1949. Estes textos publicados agora van enriquecer e salientar a súa produción dramática, porque ata agora esto era unha faceta aínda descoñecida, como, o máis que a súa facina de poeta.

—Entón o teatro, non é un xénero menor na produción do polígrafo, non si?

—Non, no só eso, senón que é un renovador do teatro. Ata agora só estaban divulgadas unha vintena de pezas. El publicará, en 1929, A Lagarada e, apartir do 34 unhas dezaseis peñas de teatro. A pouca importancia concedida a dramaturxia de Ramón Otero Pedrayo, foi, en parte, a causa de que non se representou. A única posta en escena dalgúns pezas do teatro de máscaras foi a realizada pola dramaturxia de Ramón Lourenzo, profundo coñecedor, que vive e sente, o teatro de Otero.

—¿Que contén o estudo preliminar do libro?

—Son unhas sesenta páxinas nas que analiso e estudo pormenorizadamente, desde o teatro na xeneración Nós co fin de non aillar o seu teatro dos coetáneos de xeneración, as posibles influencias na súa obra, e logo paso a facer un comentario sobre personaxes, temática, espazo, tempo, discurso e realización teatral. Están estudadas en conxunto



Aurora Marco co seu mestre Ricardo Carvalho Calero

• Son cinco os libros publicados pola profesora Marco, tres sóa e dous, en colaboración

• Por primeira vez faise unha recopilação dos 41 textos teatrais que atopábanse espallados

porque son moi breves e teñen en común a ambientación, na Galicia finisecular, no espazo, tamén común de Trasalba.

—¿Cómo levaches a cabo o traballo, Aurora?

—A base de ler moito a obra de Otero. Os ensaios son clave para comprender o teatro. Repítese moito personaxes, esquemas, espazos, temática. Estudiar a Otero, pero relacionándoo co resto da súa obra.

—¿Que fin ten este traballo?

—Como todo teatro que se produce en Galicia, o fin ideal sería que tivese o seu fin nas táboas, para representar. Sobre algunhas pezas de Otero tense dito que é teatro para ler. Pode ser certo, en parte. Hay textos en este libro que son paralingüísticos, ousexá, textos que teñen un fin primordial na lectura. Sen embargo, a maioría dos textos de Otero son perfectamente repre-

sentables. El coñecía moi ben as técnicas teatrais, todo o que se estaba a escribir naquel momento en Europa por eso a consulta a súa biblioteca é fundamental.

—Aurora Marco investigou no seu arquivo, na biblioteca Penzol, en Vigo. Ali comprobou como Otero coñecía perfectamente todo o que se estaba a escribir no resto de Europa. Coñecía as novas técnicas, lia os simbolistas, especialmente os franceses.

—¿Cómo inflúe isto no teatro que escribe?

—Pois, ó comprobar que non facía un teatro ruralista, nin de cadros de costumes que era o usual na época. El coñecía perfectamente as novas tendencias literarias e isto nótase nestas peñas.

—¿Son representables?

—Si. O ideal sería que xuntando varias, nas que aparece o mesmo personaxe arquetipo, se poidese levar ás táboas. Cando eu estaba escribindo este estudo do libro, en Madrid, no teatro El mirador, houbo un espectáculo montado a base de unha peza de Blanco Amor e outra do teatro de máscaras de Otero, pero adaptado para pezas de teatro de títeres. O director, un vigués, Nicolás Maio, dixo que sepresta-ba moi ben ara esta modalidade. Xogando coas cores e coas luces daba moito xogo.

—Otero escribía moitísimo en diferentes xornais e revistas de Latinoamérica. Polo que a autora do presente libro non desoarta que podá haber máis pezas espalladas por publicacións.

Biografía de Aurora Marco

Estudiu a carreira de Filosofía e Letras en Santiago, rematándoa no ano 70. Neste ano empeza a traballar con Ricardo Carvalho Calero con que fai a memoria da licenciatura, sobre a lingüística galega no século XIX, merecente dun premio extraordinario. Tamén Carvalho Calero dirixiu a súa tese de doutoramento sobre a lingua das novelas de Antón López Ferreiro. Dous anos despois, encargouse da cátedra da Escola Universitaria de Maxisterio. Aurora sería pioneira na cátedra de Lengua e Literatura galega, inexistente ata entón.

• Literatura e didáctica

Os dez anos seguintes, dedícase ós estudos de literatura e de didáctica da literatura desde o ano 74, é profesora titular de Didáctica da Lingua e Literatura na Escola de Maxisterio. En palabras de Aurora, a súa traxectoria resúmese en «docencia, literatura e didáctica, evidentemente do galego». No campo da investigación, Aurora traballa en estudos literarios e de crítica de textos literarios. Ademais, dos traballos didácticos cara ó ensino do galego.

• Publicacións

Son cinco os libros publicados pola profesora

Marco, tres sóa e dous, en colaboración. Edición crítica do Castelo de Pambre (1981); en 1988, o teatro de Xesús Rodríguez López, en colaboración con Araceli Herrero Figueroa; outro máis, sobre Otero Pedrayo, onde recopila artigos de distintas publicacións; Literatura Galega: séculos escuros e rexurdimento, é unha obra de materiais didácticos en colaboración.

«Agora o meu quinto libro, Teatro Ignorado», vai ser importante, non polo que eu fixera, senón pola transcendencia que vai ter para coñecemento da obra de Otero Pedrayo. Porque o que aquí fago é publicar 41 textos teatrais que practicamente son inéditos, estaban espallados por diversas publicacións, na práctica, polo tanto, descoñecidos.»

Estamos polo tanto ante un libro imprescindible, para os admiradores de don Ramón Otero Pedrayo como para os afeccionados ou profesionais do teatro. O libro é atractivo, porque para estes esbozos cómpre que algún os desenvólva, aportando unha creatividade e, polo tanto, certa autoría que permita leválos á escena. Ademais, a partir de agora, cómpre ter a idea clara de que Otero foi un renovador do teatro na súa época. Un mérito máis que engadir a este polígrafo que foi un adiantado. Un home cheo de saber que ennoblecera o noso patrimonio cultural.